



Campo dos Bois

Dende este miradoiro natural podemos contemplar unha ampla vista do Val de Traba. O topónimo de "Traba" deriva da palabra latina "tabula", que en galego significa "tabla", pois este topónimo fai referencia a territorios chás ou a regos de auga con pouco desnivel, definición que se axusta perfectamente ás características desta parroquia.

Traba, como tal, non existe coma un núcleo urbano concreto, xa que fai referencia a todo o Val no seu conxunto composto de multitud de aldeas e lugares, que podemos contemplar dende aquí, entre os que podemos destacar Mórdomo, Boaño, As Melgueiras, Cernado, Cuiña, etc.

No extremo esquerdo da praia podemos ver Mórdomo e ó lado o seu **figueiral**. A importancia natural deste **figueiral** radica na súa extensión, pero tamén na multitud de aves que o freqüentan en busca de alimento. O **figueiral** de Mórdomo foi alabado polo ilustre poeta do Rexurdimento Galego, Eduardo Pondal, debido a súa beleza e os froitos que éste daba.

No extremo derecho da praia vemos Boaño, e ó longo da parte central da mesma atoparemos o maior tesouro natural desta parroquia: **A lagoa de Traba**. Trátase dunha pequena e estreita lagoa costeira rica en fauna e vexetación. As dunas e a lagoa foron declaradas espazo natural por resolución do 10/01/1990 da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia.

Ademais, a lagoa está relacionada coa **lenda da cidade de Valverde** supostamente asolagada polo Apóstolo Santiago como castigo por desoir a súa palabra salvadora cando estivo predicando por estas terras.

